



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Francisco Alonso Tajés, Rosa Meijide Failde, Manuel-Reyes García Hurtado, Miguel Muñoz Cantero, Moisés Canle e Inés Pernas Vilariño.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor dálle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da declaración de Apeiros como empresa asociada á UDC, da renuncia da Universidade Complutense de Madrid á coorganización do Programa de Doutoramento “Sociedade do Coñecemento: Novas perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades” e da autorización da Xunta de Galicia para a inscrición do título, constando a UDC como única universidade organizadora, da aprobación por parte do Consello da Xunta do convenio para o desenvolvemento de servizos de apoio á investigación das tres universidades de Galicia, do resumo do número de proxectos e financiamento acadado pola UDC tras todas as resolucións das convocatorias de proxectos de 2013 do MINECO e da resolución da convocatoria de FPU do MECD. Tamén informa da resolución da convocatoria da Xunta de Galicia de axudas para equipos emerxentes, da proposta de resolución provisoria das axudas de consolidación (grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento) e redes de investigación da Xunta de Galicia, da publicación o 5 de agosto da convocatoria de axudas posdoutorais da Xunta de Galicia e da publicación das convocatorias de proxectos do MINECO en 2014.

O vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa do recoñecemento de créditos por actividades na Oficina de Igualdade e Atención e Apoio á Diversidade, por instancia da Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social. Remataron xa os procedementos de acreditación de títulos e do sistema de garantía de calidade. Todos os títulos presentados



acaron a acreditación favorable. O vicerreitor agradece o traballo de todos os centros que participaron nestas acreditacións. Informa do comezo dos trámites para o cambio de denominación das titulacións de Náutica afectadas pola sentenza do Tribunal Supremo de maio de 2014, que ordena retirar o termo “enxeñaría”. Este cambio prodúcese para os efectos de posibilitar a emisión dos certificados substitutorios dos títulos oficiais. Por último, comenta o resultado da instrución de cobertura das guías docentes nas linguas cooficiais e optativamente en inglés. O resultado é positivo, aínda que mellorable. Hai un 41% das guías que están nos dous idiomas, e en galego está o 58%, o cal sinala unha senda de corrección da baixa presenza do galego neste ámbito.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 900 euros no expediente V-0021-14, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súas sesións do 01/08 e do 26/09 validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 256 102,83 € nos expedientes C-0011-14 a C-0013-14.

Informa, asemade, da conclusión da fase de personalización ou adaptación á UDC do modelo de Contabilidade Analítica do Ministerio. Esta semana presentarase perante a IGAE, e paralelamente comezaremos coa carga de datos do ano base, que é o 2011. No exercicio 2015 comezaremos coa implantación, definindo os procesos necesarios para o correcto funcionamento, xa que polo Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, temos a obriga de o ter implantado nese exercicio.

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte informa sobre un novo programa de mellora da empregabilidade que ten como fin darlle resposta á demanda do estudantado e completar os programas de mellora da empregabilidade que xa se están a desenvolver desde SAPE-EMPREGO. Para iso, ponse en marcha un novo programa baseado na orientación. O programa pretende achegar ao estudantado, nos centros onde desenvolven a súa actividade académica, unhas primeiras ferramentas de busca e de consulta que lle facilite o paso á inserción laboral. Para o facer, o persoal de Orientación e Emprego atenderá o alumnado directamente no centro.

A actividade está organizada ao longo dunha mañá, dividida en dúas partes: unha consiste nun obradoiro de tres horas de duración e outra na atención



individualizada de dúas horas de duración. Os contidos gardan relación coa busca de prácticas, de emprego ou de formación complementaria, así como coa confección do currículo, pois estas son as cuestións máis salientables na demanda do alumnado, segundo a enquisa realizada neste mes de xullo ás persoas asistentes á “*Xornada de inserción no mercado laboral*” que tivo lugar nos campus da Coruña e de Ferrol os días 18 e 19 de xullo. Envióuselles a documentación ás persoas coordinadoras de prácticas e aos directores e directoras e decanos/as dos centros. A vicerreitora agradece a colaboración de todos para levar a ben esta nova iniciativa que pretende reforzar e complementar as accións que cada centro realiza.

Así mesmo, informa de que a Campaña de doazón de sangue aumentou un 10,14% respecto ao ano anterior e solicita a colaboración dos centros e do profesorado para que se lle facilite ao alumnado a súa participación nesta acción solidaria.

A **vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa das cifras de mobilidade internacional da UDC correspondentes ao primeiro semestre do curso 2014/2015. Polo que respecta ao estudantes internacionais entrantes, este semestre recibimos 308 estudantes internacionais en mestrados e graos, dos que 227 corresponden ao programa Erasmus + estudos; 12 ao Erasmus Mundus (Proxecto Tempo); e 69 a programas e convenios bilaterais. A estes números hai que sumar os que veñen con cargo a programas de visitantes ou a programas de investigadores ou doutoramento. Isto supón un incremento respecto ás cifras do primeiro semestre anterior, que foron de 275 estudantes *incomin*g. É salientable o incremento de mobilidade de determinados centros en que se implantaron programas de docencia en inglés, como Economía e Empresa, Dereito e Arquitectura. Asemade, con respecto a estes programas de docencia en inglés, infórmase da presentación do Programa de Apoio Lingüístico aos docentes que participan nestes programas, que se organiza entre a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación e o Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC, co que se pretende axudar aos docentes que así o desexen no proceso de impartir docencia noutra lingua. Este programa está deseñado para potenciar e actualizar as competencias lingüísticas dos profesores ofrecendo técnicas útiles para o día a día do ensino. Entre outros obxectivos perséguese desenvolver unha boa comprensión dos principios de comunicación que sustentan o ensino académico usando o inglés como medio de instrución; mellorar a calidade da comunicación co alumnado a través dun ensino máis confiado e eficaz nesta lingua e adquirir habilidades de comunicación avanzadas en inglés por medio da análise e revisión das actuais prácticas de ensino.



Finalmente, dáse conta da representación da UDC en reunións internacionais de educación superior que tiveron lugar no mes de setembro, como a EAIE, celebrada en Praga do 16 ao 19 de setembro e a Asemblea Xeral do Grupo Compostela (25-26 setembro) en Poznań, Polonia.

A **vicereitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que o pasado día 11 de setembro se resolveron os Premios de Investigación en Enxeñaría e Humanidades González Llanos e Concepción Arenal, convocados polo Concello de Ferrol. Os gañadores foron dous profesores da UDC, Laura Castro, premio González Llanos e Manuel Ferreiro, premio no ámbito das Humanidades.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, de que con data 15 de setembro actual se comunicaron as datas de peche dos expedientes de contratación administrativa do exercicio 2014 (30 de setembro para os procedementos con publicidade e 13 de outubro para os negociados sen publicidade). Nos vindeiros días comunicarase a Instrución xeral de peche do presente exercicio económico tanto na contabilización de ingresos como de gastos e pagamentos.

Infórmase tamén de que con data 12 de setembro se vén de interpor recurso contencioso-administrativo xa anunciado neste Consello de Goberno, contra a Resolución da conselleira de Facenda do 30 de xuño de 2014 pola que se desestimou o requirimento previo presentado pola UDC para que a Xunta de Galicia reintegre a parte proporcional da paga extraordinaria de decembro de 2012 que ten dereito a percibir todo o persoal, e que se cuantifica en 1 010 794,43 euros.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo.

Sonia Souto solicita que na terceira liña da páxina 13 se substitúa a expresión “se tocan temas” por “se abordan competencias”. Igualmente, solicita que se cambie o resultado da votación, pois entende que houbo cinco votos en vez de catro.

Acéptase a primeira solicitude, mais non a segunda, por supor unha variación do resultado da votación constatado polo secretario xeral.



A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, trinta convenios específicos (30), e cincuenta e nove convenios para prácticas (59) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de concesión das bolsas de colaboración

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte, que expón que se trae ao Consello de Goberno a ratificación destas resolucións de concesión de bolsas.

Apróbase por asentimento a proposta de concesión, e incorpórase como **anexo IV** á presente acta.

5. Presentación e informe das contas do exercicio 2013 da UDC

O reitor cédelle a a palabra ao xerente para que realice a presentación e informe das contas do exercicio 2013 da UDC, cuxa aprobación lle corresponde ao Consello Social.

O informe incorpora a liquidación orzamentaria tradicional e, como novidade, a conta financeira e patrimonial.

Comenta a composición dos ingresos liquidados (119 188 683 €). Sobre as obrigas (122 157 717), sinala que o gasto de persoal supón o 68%, o que inclúe a baixa de 4,2 millóns de euros correspondentes aos recortes da extra derivados da Lei autonómica de orzamentos para 2014. O grao de execución orzamentaria foi do 81,75%.

O resultado orzamentario, positivo, é un saldo de 230 965 €

Sobre a tesouraría, comenta que o remanente líquido non afectado ascende a 2 270 801 €



A comparación coa liquidación de 2012 tamén reflicte algunhas informacións interesantes sobre a nosa evolución.

Os ingresos orzamentarios caeron un 2,89%, mentres que os gastos apenas baixaron un 0,44%. Reducíronse as obrigas pendentes de pagamento nun 51,84%. A capacidade de pagamento, pois, evoluciona favorablemente.

A variación de créditos iniciais entre o exercicio do 2010 e o 2014 é -16%.

A comparativa das liquidacións entre os exercicios 2009 e 2014 é do -18% (ingresos) e do -16,65% (gastos). Caen os ingresos por matrícula nun 25%, e os ingresos por transferencias correntes nun 13%. O remanente líquido non afectado descendeu en 2009 nun 67%.

Por último, destaca o esforzo realizado polos servizos de Xerencia para pechar a conta financeira patrimonial, que revela unha elevada cantidade de información, pertinente para unha mellor rendición de contas e unha mellor avaliación das nosas fortalezas e debilidades económicas. Estase a traballar nunha Memoria conxunta que integre a liquidación orzamentaria e a financeira patrimonial do exercicio 2014.

Tras a exposición do xerente, ábrese unha quenda de intervencións.

Nona Inés Vilariño intervén para expresar a súa abstención na votación, dado que se reserva a súa opinión para o Consello Social correspondente. No entanto, manifesta a súa satisfacción por constatar a solvencia económica da Universidade nunha situación tan adversa.

Luis Hervella pregunta se os remanentes están esgotados xa.

Anxo Calvo pide desculpas pola tardanza en chegar, debido ás aulas. Engade unha reflexión sobre a deterioración da situación económica xeral, que continúa e non mellora. Temos déficit, pero somos capaces de cubri-lo con remanentes de anos anteriores. Porén, esta situación non se pode manter moito máis tempo. Sinala que será clave a negociación do novo plan de financiamento, dado que, fronte ao PFSUG 2005-2010, o PFSUG o 2011-2015 foi moi lesivo para a nosa universidade. Se non se pon unha solución a este infrafinanciamento estrutural, de aquí a dous anos teremos problemas serios.



Xosé Portela explica o seu voto en contra da liquidación. No seu momento, votou en contra do orzamento.

Tras as anteriores intervencións, o xerente explica que o remanente de 2 000 000 de euros da liquidación do 2013 é o que está dispoñible para os seguintes exercicios económicos.

Sen máis intervencións, incorpórase a documentación como **anexo V**.

6. Proposta de modificación do Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio do 2015 sobre promoción dos axudantes doutores e investigadores/as Ramón y Cajal e Parga Pondal

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que explica as razóns desta modificación froito do Acordo do 27 de maio: axeitar o previsto nel aos criterios emanados dos informes negativos da Xunta de Galicia sobre as prazas de contratado temporal. A idea é recoller o compromiso de promoción da institución cos axudantes doutores e profesorado do programa Parga Pondal, con independencia das figuras laborais que a Xunta autorice para darlles continuidade.

O reitor valora moi negativamente a intervención que se está a producir desde a Xunta sobre o núcleo duro da nosa autonomía universitaria, facéndonos incumprir o II Convenio colectivo do PDI laboral. É un paso cualitativo moi importante, que non debería darse. Parece que a vindeira lei de orzamentos xerais do Estado inclúe unha taxa de reposición do 50%. Aínda que isto é moi necesario, non é suficiente para atender todos os compromisos de promoción do noso profesorado.

Non habendo intervencións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo VI**.

7. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado curso académico 2014/2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para convocar as prazas de PDI contratado temporal que figuran no anexo. Son dous bloques de prazas: as acordadas cos directores de departamentos, que afectan a necesidades docentes do 2.º cuadrimestre, que teñen autorización da Xunta de Galicia; e as prazas de urxencia, por necesidades sobrevidas (baixas, xubilacións etc.)



Todas as prazas teñen o visto e prace da mesa sindical e da COAP.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **anexo VII**

8. Proposta de cambios de dedicación para o curso académico 2014-2015

Hai dous tipos de cambios de dedicación. Unha pasaxe a tempo completo dun TEU e unha baixa por enfermidade dunha profesora contratada de Enfermaría de Ferrol, que leva estadias clínicas.

Apróbase o punto por asentimento e incorpórase á acta como **anexo VIII**

9. Proposta de nomeamento/renovacións profesores/as honorarios/as

Proposta de nomeamento do profesor Alfonso Castro Beiras como profesor honorario. Cumpre os requisitos. Proposta de renovación dun profesor da Escola Superior de Arquitectura.

Sen producirse intervencións, apróbase por asentimento a proposta e incorpórase ao **anexo IX**.

10. Proposta de autorización de venias docentes

Tráense a aprobación as propostas de concesión de venias docentes para o profesorado dos centros adscritos. Os informes dos departamentos son favorables.

Esta proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**

11. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Luis Hervella dálles os parabéns ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, pois, ao seu xuízo, a normativa dos concursos de profesorado temporal simplifica e mellora en moito a anterior normativa. Suxire que os documentos .xls e .doc se poidan facer en software libre. Pregunta sobre os prezos de matrícula dos proxectos fin de carreira das titulacións a extinguir. Parece que subiron dun xeito exponencial e hai queixas.



Ernesto Vázquez-Rey Farto solicita que os estudantes a tempo parcial poidan acreditar doadamente perante os profesores esta condición. Que sucede cando o profesorado non cobre en tempo os seus datos para as titorías? Pregunta sobre a obrigatoriedade de asistir ou non ás aulas de grao. Dálles os parabéns ao equipo de goberno polo asfaltado das vías do campus e de seguido pregunta sobre a eliminación de prazas de aparcamento no LERD e se a UDC vai convocar bolsas para estudantes predoutorais.

Xosé Portela pregunta se os traballadores de LINORSA no CUR e no Xoana Capdevielle non cobraron a nómina do mes de xullo. Solicita que a UDC lle reclame á empresa que cumpra as súas obrigas. Verbo da devolución da paga extraordinaria reportada de 2012, solicita saber cal vai ser o criterio da UDC. Por último, considera que as tres universidades deberían ter unha estratexia común na negociación do vindeiro plan de financiamento do SUG, pois teñen intereses comúns.

Julio Abalde aclara que os traballos fin de carreira subiron de prezo de matrícula porque se considerou que non están exentos de docencia. Respecto da matrícula a tempo parcial, estase a traballar para que na aplicación informática do profesorado se indique esta circunstancia. Respecto das titorías, o seguimento do calendario de determinación fano os centros na primeira semana do período docente correspondente. Este ano, a ferramenta de titorías é nova, polo que se tratarán de corrixir todas as titorías que non estean correctamente determinadas. Por último, lembra que no manual de elaboración das guías docentes se especificaba que a simple asistencia a clase non pode ser un elemento de valoración, se non achega ningún valor engadido máis ao proceso de aprendizaxe do estudante.

Respecto das prazas de aparcamento arredor do LERD, a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestrutura comenta que se fixo unha redución de prazas vinculada á seguridade viaria e á mellora de pavimentación peonil, para tranquilizar o tráfico. Nas vindeiras semanas traballarase na ordenación das bolsas de aparcamento da zona.

No tema das bolsas predoutorais, o vicerreitor de Investigación sinala que, infelizmente, non hai posibilidade de convocar contratos predoutorais, pola carestía orzamentaria. Só se poden atender os compromisos dos 10 contratos que se convocaron no ano 2013.

Sobre LINORSA, o xerente comenta que pola nosa parte sempre estivemos ao día no pagamento das facturas cos contratistas. No entanto, en agosto,



por instancias do Comité de Empresa, enviouse unha carta a LINORSA, lembrándolles a necesidade de cumpriren as súas obrigas laborais. Verbo da paga extra reportada de 2012, lembra que o equipo de goberno ten un compromiso claro de recoñecemento en vía administrativa, se ben haberá que estar ao articulado nas normas orzamentarias estatais para poder convocar de novo a mesa de negociación cos representantes dos traballadores, de cara a concretar os pagamentos concretos que permita a tesouraría da casa.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:16 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito